



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O FOMENTO DA DOAZÓN ALTRUÍSTA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS NO ÁMBITO DESTA UNIVERSIDADE.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, Don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, presidente do Servizo Galego de Saúde e presidente da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS), de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro e de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos; e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, Don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO) que actúa en nome e representación da mesma en virtude do seu nomeamento polo Decreto 59/2018, de 31 de mayo, publicado no DOG de 8 de xuño de 2018, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- No Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos estableceuse que ADOS é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

ADOS ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía na súa xestión, nos termos que precisen as leis e adscribírase á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

ADOS terá como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenamento e o abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados





tanto pola lexislación vixente como polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe humana procedentes dela.

Segundo.- Entre as competencias da ADOS figuran as seguintes:

- Conseguir doazóns voluntarias e altruistas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia.
- Promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos.

Terceiro.- Como principios de actuación de ADOS destacan os de voluntariedade e altruísmo na doazón de sangue e os seus derivados, órganos e tecidos e de solidariedade e compromiso social das institucións públicas e privadas coa política transfusional e de transplante.

Cuarto.- O sangue é un elemento do organismo que non se pode fabricar, que aporta os elementos fundamentais para a nutrición e defensa do noso organismo e que tódolos días do ano necesitan moitas persoas que van ser sometidas a intervencións cirúrxicas, que sufriron accidentes de tráfico, accidentes laborais, que padecen anemias, hemorraxias, enfermidades crónicas, cancro, leucemias, trastornos na coagulación, transplantes de órganos, etc..

Quinto.- Que a UVIGO ven colaborando coa ADOS nas campañas de doazón de sangue que se desenvolven entre o seu alumnado.

Sexto.- ADOS quere potenciar campañas específicas no eido universitario que colaboren a garantir a cobertura óptima de hemoderivados tanto en situacións de necesidade cotiá, como ante calquera emerxencia. Así mesmo é de vital importancia agrandar e rexuvenecer a base de persoas doadoras de sangue de Galicia para poder facer fronte aos requirimentos transfusionais que se precisan para desenvolver os programas asistenciais. Asemade, manifestase o interese no establecemento de campañas universitarias que favorezan a doazón de órganos e de tecidos dende a comunidade universitaria UVIGO.

Sétimo.- Que é vontade destas institucións intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito da doazón de sangue, facilitando o achegamento do alumnado universitario ás campañas de doazón de sangue, así como campañas de doazón de órganos e tecidos.

Polo anteriormente exposto, os asinantes expresan a súa vontade de facilitar e fomentar as máis fluídas relacións a fin de impulsar accións concretas nas áreas de interese común polo que acordan a sinatura do presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e finalidade

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a planificación e desenvolvemento das campañas de fomento da doazón altruista de sangue, órganos e tecidos no ámbito da UVIGO, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a doazón de órganos e tecidos.



Segunda.- Periodicidade das campañas de doazón

Ambas institucións promoverán campañas colectivas de doazón de sangue nos centros docentes que forman a UVIGO, con periodicidade anual e diferenciando dúas fases:

Primeira fase: Realizarase ó comezo de cada curso académico e abranguerá os meses de setembro, outubro e novembro.

Segunda fase: levarase a cabo nos meses de febreiro, marzo e abril.

Asemade, estableceranse conxuntamente estratexias de campañas para fomentar a doazón de órganos e tecidos dende a Comunidade UVIGO.

Terceira.- Desenvolvemento e accións

Unha vez fixado o contido e desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, facilitaranse os medios dispoñibles en cada caso, para o mellor cumprimento das mesmas e establecerase un calendario de colectas en cada un dos centros universitarios na procura, sempre que sexa posible, de individualizar as colectas en cada centro, co obxecto de facilitar o acto da doazón de sangue ao alumnado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e persoal externo contratado.

Cuarta.- Compromisos que asume a Universidade de Vigo

A UVIGO comprométese a:

a) Facilitar o acceso aos centros universitarios do persoal de Promoción da Doazón de Sangue que debidamente se acredite como pertencente ou colaborador de ADOS:

Na primeira fase de cada unha das campañas, de común acordo cos/cas decanos/as e directores/as de cada centro universitario, farase un calendario de charlas que se impartirán nos días previos á realización das colectas. Tentarase, na medida das posibilidades, impartir unha charla informativa a cada curso, co fin de dar unha información máis directa sobre a doazón de sangue e resolver as posibles dúbidas que xurdan. A duración máxima das charlas será de 10 minutos cada unha, tempo mínimo imprescindible para dar unha información suficientemente rigorosa, e para que cada persoa poida tomar con posterioridade a decisión que considere máis oportuna, de xeito libre e voluntario.

b) Facilitar o acceso das unidades móbiles de ADOS aos centros universitarios nas datas que previamente se pacten.

c) No caso de non poder atender ás persoas doadoras nas unidades móbiles, a UVIGO autorizará a instalación en locais designados polas persoas responsables de cada centro universitario, do número suficiente de padiolas e material preciso para poder atender ás persoas doadoras de sangue, así como o acceso do persoal sanitario de ADOS que fará a extracción.

d) A UVIGO colaborará na difusión dos materiais informativos (folletos, vídeos...) a través das súas plataformas, envío de emails, sms, redes sociais, pantalla de vídeo, etc., de maneira que se faga chegar a información ao alumnado, profesorado e persoal traballador de todos os estamentos da Universidade.

e) Dará facilidades ao alumnado para que poidan acudir a doar sangue dentro do seu horario lectivo o día que ADOS acuda o seu centro universitario.





f) A UVIGO colaborará coas campañas de doazón de sangue de ADOS cos recursos e programas da súa Área de Benestar, Saúde e Deporte e do seu Servizo de extensión Universitaria.

g) A UVIGO colaborará coas campañas de doazón de órganos e tecidos de ADOS cos recursos e programas de súa Área de Benestar, Saúde e Deporte e do seu Servizo de extensión Universitaria na medida de súas posibilidades.

Quinta.- Compromisos que asume a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos

ADOS comprométese a:

- a) Enviar a cada centro o calendario previsto para cada unha das fases e o persoal de promoción da doazón (sangue, órganos e tecidos) que dará as charlas programadas e a información ao alumnado e outros membros da comunidade UVIGO, ademais de participar en xornadas, retos nacionais e locais, entre outros eventos. Para levar a cabo a labor de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos nos centros universitarios disporá de diversos material informativo (folletos, carteis, flyers,...) que serán distribuídos polo persoal de promoción de ADOS e que poñerá a disposición dos/das voluntarios/as e responsables da UVIGO que participen nas labores informativas.
- b) Acudir nas datas pactadas coas unidades móbiles a cada centro. Naquelas campañas e centros que o precisen acudirase mediante o despregue de equipos e persoal en local habilitado.
- c) O persoal sanitario de ADOS facilitará ao alumnado que se achegue a doar sangue, un xustificante da súa participación a efectos de acreditar o seu acto altruísta dentro de horario académico. Ademais, organizará os procedementos, informará e formalizará, coa documentación necesaria e certificacións, a doazón de órganos e tecidos dos membros da Comunidade UVIGO
- d) Facilitar toda a información que precise a UVIGO para o desenvolvemento das campañas de sangue, órganos e tecidos e para a difusión dos resultados acadados.
- e) Facilitar e colaborar coa UVIGO en proxectos de I+D+ I que acorden os membros da Comisión Mixta de Seguimento e na formación do alumnado, e outros membros da Comunidade UVIGO, nos aspectos relacionados coa doazón de sangue, órganos e tecidos.

Sexta.- Cursos e recoñecementos

A UVIGO dende o seu servizo de extensión universitaria, na medida de súas posibilidades, e ADOS poderán deseñar e desenvolver cursos ou programas relacionados coa promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos con dotación de créditos optativos computables para o alumnado que colabore como voluntario nas campañas informativas.

Asemade, na medida de súas posibilidades, dende a Área de Benestar, Saúde e Deporte e ADOS poderán deseñarse e desenvolverse cursos ou programas relacionados coa promoción da doazón de sangue, órganos e/ou tecidos, e a promoción/difusión desde web oficial e redes 2.0 da Área de Benestar, Saúde e Deporte. De participar alumnado, tamén contarían coa dotación de créditos optativos computables.





De común acordo entre ambas institucións, estudarase a posibilidade de desenvolver programas educativos sobre a doazón de sangue, órganos e tecidos.

Poderase establecer un sistema de recoñecementos, premios honoríficos ou distincións a aqueles centros, colectivos ou persoas que se distinguan no ámbito da doazón de sangue, órganos e tecidos e que actúe como estímulo e exemplo para incentivar as campañas de doazón.

Sétima.- Financiamento

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria

Oitava.- Comisión mixta de seguimento do convenio

Para a realización e control de aquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta por alomenos dous representantes designados por ADOS e por alomenos dous representantes designados pola UVIGO.

Por parte de ADOS:

- O director de xestión e servizos xerais que actuará como presidente
- O xefe da área de sangue, compoñentes sanguíneos e hemoderivados

Por parte da UVIGO:

- o/a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

A Comisión Mixta de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Establecer o calendario de actividades das campañas de doazón.
2. Organizar os medios móbiles e locais necesarios para as extraccións en cada centro.
3. Avaliar as petición de colaboración da UVIGO para os proxectos de I + D + I.
4. Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
5. Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e fórmulas de incremento da eficacia.
6. Proponer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
7. Tratar de resolver as cuestións de diverxencia que poidan xurdir no desenvolvemento do convenio.

A Comisión Mixta de Seguimento reunirse cando o solicite calquera das dúas partes.





Os acordos da comisión adoptaranse por maioría dos seus membros, tendo o seu presidente voto de calidade.

Novena.- Causas de resolución do convenio

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime dos/as asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos/as asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores previstas en outras leis.

Décima.- Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na Comisión Mixta de Seguimento e, de persistir, serán elevadas ó Conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de concluídas as relacións negociais entre as partes.

Décimo segunda.- Vixencia, prórroga e modificación do convenio

1. A duración do presente convenio será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa firma, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do dito prazo de vixencia. En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente curso académico.
2. O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión Mixta de Seguimento do Convenio e previo acordo das partes.
3. En calquera momento, antes da finalización do prazo de vixencia dos convenio, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais



Así mesmo as partes poderán acordar, de mutuo acordo, a extinción do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Décimo cuarta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e demais especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade asínase por triplicado o presente convenio no lugar e data anteriormente indicado

O Presidente da Axencia Galega de Sangue,
Órganos e Tecidos

O Reitor da Universidade de Vigo



Julio García Comesaña



Manuel Joaquín Reigosa Roger

